

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Lois Tobío Fernández do
24/01/1975**

Colección:

Data: 24/01/1975

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Policarpo Sanz, 21, 2º (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: INDUSTRIAS PESQUERAS. REVISTA MARTÍTIMA QUINCENAL].

Mencionados:

Isaac Díaz Pardo; Norberto Frontini; Luis Rodríguez Seoane;

Notas legais:

Este documento pertence ao Fondo documental e fotográfico Lois Tobío, conservado no Consello da Cultura Galega por doazón de Constanza Tobío.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Lois Tobío Fernández do 24/01/1975

POLICARPO SANZ, 21 - 2º TELEF. 21 18 15 - DIR. TELEFR. SIPSA

INDUSTRIAS PESQUERAS - REVISTA MARITIMA QUINCENAL
VIGO

Sr. Don
LUIS TOBIO
Bonetero, 5-2º
MADRID - 16 PA/fr.

24/1/75

Querido Lois:

Moitas gracias pol-a tua dilixencia na resposta. Supoño que o Asesor Xurídico a que te refires non e Meseguer, que está na Dirección general de Pesca Marítima. Conocino en Caracas, e hai poucos días escribinlle co mesmo obxeto. Non tuven resposta aínda. De todas sortes si podes facer algo pra acelerara remisión dos papeles, ficaremos moi contentos. A confección do número está varada pol-o escollo das dúas ponencias obxeto de tal extravío.

Hoxe estiven comendo aquí con Norberto Frontini, que pasou por Vigo rumbo a Cruña, pra estar con Seoane e Isaac Diaz Pardo. Penso que non volverá a recalar en Madrid, aínda que nos seus plans entra viaxar por Europa deica fins de Marzal.

Recibe unha cordial aperta do teu sempre incondicioal amigo e compañeiro,

Fdo. V. Paz-Andrade [sinatura autógrafa]
Director.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.